

MISA CON NENOS

12 de febreiro 2017

ORDINARIO 6º-A

Mateu 5, 17.20-22a. 27-28. 33-34a. 37:
"Non vin abolir a lei senón a darlle plenitude".

Mensaxe: A Palabra de Xesús é VIDA.
Con Mans Unidas leva vida, alimento.



EL MUNDO NO NECESITA MÁS COMIDA
NECESITA MÁS GENTE COMPROMETIDA

1. ACOLLIDA

Amigos e amigas:

Os primeiros cristiáns reuníanse para celebrar a cea de Xesús, para compartir a palabra e tamén o alimento, para atoparse e apoiarse mutuamente. É o que seguimos facendo nós logo de tantos anos confiando na presenza do Resucitado que segue acompañándonos igual que entón.

Hoxe celebramos a **Xornada de Mans Unidas**, a Campaña contra o Fame no mundo, que este ano nos invita a poñer o noso granciño de area para que entre todos evitemos que **"1/3 dos nosos alimentos acaben no lixo"**. Non podemos esquecernos dos que carecen de dereitos elementais como o alimento, a saúde ou a educación porque a terra está para o uso de todos. Todos temos unha mesma dignidade e, xuntos, todos, temos que colaborar na construción dun mundo máis xusto e fraternal.

As lecturas deste domingo 6º do tempo ordinario recórdannos que Deus nos ensina a elixir a VIDA, a plenitude. Non matar é tamén respectar, tratar ben, coidar os necesitados.

No nome do Pai... O Señor Xesús que quere compartir connosco e presidir esta eucaristía, sexa con todos vós...

(Pódense colocar nun sitio visible o cartel de Mans Unidas).

2. PERDÓN

Recoñezamos humildemente os nosos pecados.

- Pedimos perdón pola nosa insensibilidade ante o drama de que haxa persoas no mundo que carecen do máis necesario. *Señor, ten piedade.*
- Pedimos perdón polos nosos modos de consumo que non respectan os que non teñen o que nós malgastamos. *Cristo, ten piedade.*
- Pedimos perdón pola nosa indiferenza ante tantos que pasan fame ou morren por desnutrición. *Señor, ten piedade.*

3. PALABRA DE DEUS

As lecturas deste sexto domingo recórdannos que os mandamentos de Deus van máis aló das nosas leis e costumes para ir ao fondo do corazón humano buscando a vida plena. Os fariseos e letrados crían que a lei e a norma é o máis importante, pero Xesús chámanos a que valoremos máis o corazón dorido da humanidade, a persoa humana. E que o noso falar sexa si e non, pero cheo de palabras amables, de compaixón.

4. PETICIÓNS:

Presentemos ao Señor as nosas súplicas:


- 1.-**Pola Igrexa, polos gobernantes, por cantos podemos e queremos prestar a nosa axuda e solidariedade aos necesitados.** Roguemos ao Señor.
- 2.-**Por todos os que padecen fame e calquera forma de necesidade.** Roguemos ao Señor.
- 3.-**Polos refuxiados e exiliados, polos que viven lonxe das súas familias e do seu propio ambiente.** Roguemos ao Señor.
- 4.-**Por todos os que fan posible a misión de Mans Unidas.** Roguemos ao Señor.

5.-Para que o Señor siga suscitando corazóns xenerosos e mans dispostas a compartir cos mais desfavorecidos. Roguemos ao Señor.

Atende, Pai os xemidos dos teus fillos na dificultade. Confortaos e sostenos coa túa providencia divina. Por XNS.

5. OFRENDAS

- **CARTEL E COLECTA DE MANS UNIDAS:** Presentamos a colecta xunto co cartel da Campaña de Mans Unidas, como expresión do noso compromiso a favor dos máis necesitados e o noso empeño por favorecer que os recursos da terra cheguen a todos.
- **PAN E VIÑO:** Presentámosche, Señor, este pan e este viño froitos da terra e do traballo dos homes, para que sexan transformados en alimentos de vida eterna e nos capaciten para seguir comprometidos en transmitir a alegría do evanxeo.



6. VÍDEOS OU PPW PARA ESTE DOMINGO: Ord-6ªA

- Mt 5,17 37, película: <http://www.youtube.com/watch?v=u5m6eHh23Fw>
- Ti decides, reflexión: <https://www.youtube.com/watch?v=551cmXQWZAY>
- Cumprir a lei, reflexión: <http://www.youtube.com/watch?v=OL8u7B-6sXs>

VÍDEOS XORNADA DE MANS UNIDAS

- Vídeo campaña 2017: <https://www.youtube.com/watch?v=oNVLLn1fudo>
- Spot 2017: <https://www.youtube.com/watch?v=4CazuTTI45Q>
- "Unha gran canción para unha gran obra", canción Rosa López: <https://www.youtube.com/watch?v=oCkkBz4V36k>
- Historias de cambio": https://www.youtube.com/watch?v=vl_wPkYAMtg

Oración de Mans Unidas

Querido Deus:

Regaláchesnos o mundo para que todos vivamos nel, un mundo cheo de marabillas, beleza e plenitude; unha casa común onde ninguén debería ter fame. Pedímosche por todas as persoas que se esforzan por traballar os campos e polos que coidan os animais.

CONSUMO Y DESPERDICIO DE ALIMENTOS

De los 795 millones de personas que padecen hambre en el mundo, la gran mayoría vive en países en desarrollo y depende de un pedazo de tierra para subsistir.

EN EL MUNDO



795 MILLONES
de personas se acuestan sin haber comido.



1300 MILLONES
de toneladas de comida se tiran cada año (1/3 de la producción mundial).

EN ESPAÑA



7,7 MILLONES DE TONELADAS
de comida se desperdicia cada año. Somos el sexto país en volumen de la Unión Europea.



40%
de toda la comida que se tira proviene del consumo en el hogar.



32 KILOS
de alimentos por persona son tirados a la basura cada año.

Que os donativos que entregamos, froito do noso compromiso, cheguen ás mans dos que máis o necesitan e se transformen en alimento, ensino, coidados médicos e esperanza.

Dános forzas para ser máis xenerosos e unir as nosas mans para, xuntos, conseguir que se acabe a fame e o sufrimento.

Señor, ensínanos a comprender que todos os que vivimos no noso planeta, a nosa casa común, somos unha soa familia humana, por iso debemos coidar a terra e os nosos irmáns e irmás que habitan nela.

Coa comida que se tira poderíase alimentar a todo o mundo" Papa Francisco.